Estes alumnas/os non perderán o dereito á asistencia as clases por medios telemáticos, e avaliarase según dispoña a administración e en todo caso si non fose o caso, as probas finais serán a ser posibles presenciais (100%) na aula natural. e no caso de que coincidas en confinamento, enviaráselle a proba a seu correo electrónico o mesmo día e hora da proba, e ao cabo de dúas horas a alumna/o enviara por medio de wasat foto de cada unha das follas que necesito para a resposta ou desenrolo dos exercicios enviados. Esa proba tendrá un peso do 70% e o outro 30% sacaráselle de todos os datos que dispón o profesor sobre o seguimento das avaliacións hata que concibiuse a perda de avaliación (medias, probas, exercicios feitos, libretas vistas)

## 10.3) Legalidad

Aqueles aspectos dos recursos de avaliación na que administración lexislaxe noutro senso, quedarán de supeto suspendidos, e o peso do recurso repartirase proporcionalmente entre os demais; o realizárase todo, seguindo punto por punto o indicado pola administración competente que dicta a norma, e comunicárselle aos alumnos de xeito sinxelo.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0168	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0168_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0168_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL MACEIRAS FORMOSEL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da fabricación mecánica.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- p) Analizar e utilizar os recursos e as oportunidades de aprendizaxe que se relacionan coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, así como as tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- q) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- r) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- s) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- u) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, propondo e aplicando medidas de prevención persoal e colectiva, de acordo coa normativa aplicable nos procesos do traballo, para garantir ámbitos seguros.
- y) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

Asimismo, contribúe a alcanzar as seguintes competencias:

- n) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
- ñ) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- o) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solución aos conflitos grupais que se presentan.
- q) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- t) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe				
					MP0168_12				MP0168_22				
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA1	RA2	RA3	RA4	
1	A prevención de riscos laborais.	Características xerais da L.P.R.L e conceptos básicos recollidos na mesma	8	5	X								
2	A avaliación de riscos.	Identificación e avaliación de riscos laborais.	16	10		X							
3	Medidas de prevención e protección.	Identificación das medidas de prevención e protección fronte aos riscos laborais, e selección das medidas oportunas ante determinados riscos.	10	10				X					
4	A planificación da prevención.	Concepto, significado, estrutura e contido do plan de prevención, e elaboración do plan de prevención dun aula-taller.	20	10			X						
5	O dereito do traballo: normas fundamentais.	Identificación do ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito laboral, e dos órganos encargados de velar pola súa aplicación.	6	5					X				
6	O tempo de traballo e a súa retribución.	Análise das condicións de traballo relativas á clasificación profesional, ao tempo de traballo e á retribución.	10	10					X				
7	O contrato de traballo.	Identificación dos elementos do contrato de traballo e análise das principais modalidades contractuais.	6	10					X				
8	A modificación, suspensión e extinción dos contratos	Análise das causas, procedemento e consecuencias da modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	12	10					X				
9	A participación dos traballadores na empresa.	Identificación dos representantes dos traballadores, das causas e procedemento dos conflitos colectivos e análise do convenio colectivo aplicable.	8	10					X				
10	A Seguridade social.	Identificación do concepto e da estrutura da Seguridade Social, dos dereitos e obrigas de empresarios e traballadores, e análise da súa acción protectora, incluíndo a protección por desemprego.	16	10							X		
11	A procura de emprego	Elaboración do itinerario formativo e profesional en base ao coñecemento dun mesmo, e aplicación das técnicas e instrumentos de procura de emprego.	10	5									X
12	Equipos de traballo.	Recoñecemento das características do equipo de traballo eficiente, identificación dos conflitos que poden xurdir e emprego da negociación como vía para a súa resolución.	6	5					X				
Total:			128										

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais.	8

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer o concepto de saúde laboral e os diferentes factores que inflúen na mesma.	1	O traballo e a saúde.	1,0
2.1 Identificar os conceptos de prevención, condición de traballo, risco laboral e dano profesional.	2	Conceptos clave na prevención de riscos.	2,0
3.1 Identificar os principios nos que debe basarse a acción preventiva na empresa.	3	Principios da acción preventiva	1,0
4.1 Analizar os artigos 14 a 29 da LPRL.	4	Dereitos e deberes en materia de prevención.	3,0
5.1 Tomar conciencia da importancia de adoptar prácticas seguras no traballo.	5	As nosas prácticas.	1,0
<b>TOTAL</b>			<b>8</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	● PE.1 - Sobre a identificación das condicións laborais adecuadas na empresa	S	20
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.	● PE.2 - Sobre os principios que rixen na acción preventiva na empresa	S	20
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.	● PE.3 - Sobre o dereito a formación e información dos traballadores para a prevención de riscos laborais	S	20
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.	● PE.4 - sobre o risco grave e inminente	S	10
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactancia, e de menores.	● PE.5 - sobre traballadores menores e traballadoras embarazadas o en período de lactancia	S	10
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da fabricación mecánica.	● PE.6 - Sobre o dereito a vixilancia periódica da saúde dos traballadores	S	10
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	● PE.7 - Sobre os deberes dos traballadores	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos

Contidos
<p>Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.</p> <p>Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.</p> <p><b>Principios da acción preventiva</b></p> <p>Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.</p> <p>Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.</p> <p>Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.</p>

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O traballo e a saúde. - Recoñecemento do concepto de saúde laboral e os diferentes factores que inflúen na mesma.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sondar os coñecementos previos sobre os riscos no traballo; preguntando por testemuños de accidentes laborais, persoais ou ben sufridos por familiares e coñecidos..</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos visualizarán algún vídeo ou lerán algún artigo relativo a condicións de traballo dende o punto de vista da saúde laboral. Posterior posta en común do grupo clase, coa moderación do profesor, sobre as condicións do traballo reflectidas no vídeo ou artigo e a súa influencia sobre a saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Conclusións sobre condicións de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>Vídeo ou artigo de prensa.</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Siobre a identificación das condicións laborais adecuadas na empresa</li> </ul>	1,0
Conceptos clave na prevención de riscos. - Identificar os conceptos de prevención, condición de traballo, risco laboral e dano profesional.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor explica os conceptos de condicións de traballo potencialmente perigosas, risco laboral, factores de risco, medidas de prevención, medidas de protección colectiva, medidas de protección individual e danos profesionais, establecendo as relacións entre eles.</li> <li>O profesor confecciona ou procura un caso práctico no que se reflecta unha situación de traballo con diversas condicións de traballo potencialmente perigosas que poidan xerar distintos riscos laborais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entrégase unha folla cunha lista de riscos laborais e de factores de risco. Os alumnos relacionarán un risco con distintos factores de risco asociados que contribúan a agravar o risco.</li> <li>Os alumnos en equipos de 2 ou 3 compoñentes solucionarán un caso práctico no que deberán identificar un risco, e a continuación sinalar os distintos factores de risco asociados, os danos máis probables, e as medidas que ao seu xuício adoptarían. Posterior posta en común no grupo- clase.</li> <li>Realizarase un crucigrama a través da aula virtual sobre os conceptos básicos de prevención de riscos laborais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos resoltos</li> <li>Crucigrama resolto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>Supostos prácticos.</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Siobre a identificación das condicións laborais adecuadas na empresa</li> </ul>	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Principios da acción preventiva - Identificación dos principios nos que debe basarse a acción preventiva na empresa.		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Explicacións do profesor sobre os principios nos que debe basarse a acción preventiva e o orden con que deben aplicarse. Realización polos alumnos de supostos prácticos nos que os alumnos ante unha serie de situacións teñen que identificar cal é o principio que debe aplicarse</li> <li>• Revisión da última tarefa da actividade anterior para incorporar novas medidas preventivas ou de protección derivadas da aplicación dos principios preventivos, sinalando a orde na que se deben aplicar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caso práctico resolto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>• PC con internet</li> <li>• Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.2 - Sobre os principios que rixen na acción preventiva na empresa</li> </ul>	1,0
Dereitos e deberes en materia de prevención. - Análise dos artigos 14 a 29 da LPRL.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A profesora facilita o texto dos artigos 14 a 29 da LPRL.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A clase agrúpanse por parellas, para analizar os artigos 14 a 29. O seu traballo consistirá en facer un esquema gráfico no que se reflictan os dereitos do traballador, sinalando as súas características e o seu alcance, así como os deberes do empresario. ¿</li> <li>• Cada parella redactará un máximo de tres preguntas sobre o artigo analizado, coas que se confeccionará un cuestionario completado pola profesora. O alumnado, individualmente, responderá ás cuestións plantexadas e entregará o cuestionario á profesora para a súa valoración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Esquema dereitos e deberes</li> <li>• Cuestionario</li> <li>• Cuestionario resolto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ley Prevención Riscos Laborais.</li> <li>• PC con internet</li> <li>• Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.3 - Sobre o dereito a formación e información dos traballadores para a prevención de riscos laborais</li> <li>• PE.4 - sobre o risco grave e inminente</li> <li>• PE.5 - sobre traballadores menores e traballadoras embarazadas e en período de lactancia</li> <li>• PE.6 - Sobre o dereito a vixilancia periódica da saúde dos traballadores</li> </ul>	3,0
As nosas prácticas. - Reflexión sobre a importancia de adoptar prácticas seguras no traballo.		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os alumnos, en parellas, elaborarán un informe onde expliquen distintas prácticas inseguras observadas no traballo no taller. Posterior posta en común co obxectivo de tomar conciencia da importancia de prevención no traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntes facilitados por la profesora.</li> <li>• PC con internet</li> <li>• Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.7 - Sobre os deberes dos traballadores</li> </ul>	1,0
<b>TOTAL</b>						<b>8,0</b>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A avaliación de riscos.	16

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.	SI

**4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os principais factores de risco relacionados coas condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e organizativas, e danos profesionais que orixinan.	1	Riscos e danos profesionais.	6,0
2.1 Identificar os principais factores de risco no sector profesional do título.	2	Riscos específicos na fabricación mecánica.	5,0
3.1 Avaliar os factores de risco do taller elixido polo alumnado.	3	Avaliación de riscos no taller.	5,0
<b>TOTAL</b>			<b>16</b>

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.	• PE.1 - sobre as condicións de traballo	S	10
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.	• PE.2 - Sobre as condicións de traballo na empresa	S	20
CA2.3 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.	• PE.3 - sobre os danos profesionais	S	10
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.	• PE.4 - Sobre os tipos de danos profesionais	S	10
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.	• LC.1 - sobre a avaliación de riscos no taller	S	50
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.</p> <p>Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.</p> <p>Riscos específicos no sector da fabricación mecánica en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.</p> <p>Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da fabricación mecánica.</p> <p>Medidas de prevención e protección individual e colectiva.</p>

**4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Riscos e danos profesionais. - Identificación dos principais factores de risco relacionados coas condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e organizativas, e danos profesionais que orixinan.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor fará unha explicación teórica sobre os distintos factores de risco e os posibles danos orixinados por eles. Para cada un deles fará uso da Internet, visualizando vídeos oportunos.</li> <li>O profesor proporcionará artigos de prensa e casos prácticos do INSHT publicados nos ERGA, para analízalos na clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos cumprimentarán un cuestionario con preguntas teóricas e supostos prácticos relativos a riscos laborais e danos profesionais.</li> <li>Os alumnos farán unha lectura comprensiva dos artigos de prensa e dos casos prácticos do ERGA, responderán individualmente ás preguntas prantexadas por o profesor, e farase unha posta en común.</li> <li>Os alumnos resolverán supostos prácticos nos que se deberán identificar os factores de risco e os danos profesionais en diferentes contextos laborais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos realizados</li> <li>Cuestionario resolto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora</li> <li>PC con internet</li> <li>casos prácticos</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - sobre as condicións de traballo</li> <li>PE.2 - Sobre as condicións de traballo na empresa</li> <li>PE.3 - sobre os danos profesionais</li> </ul>	6,0
Riscos específicos na fabricación mecánica. - Identificación dos principais factores de risco no sector profesional do título.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicación dos riscos laborais e danos profesionais no sector, apoiando ás explicacións coa visualización de vídeos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sondaxe entre o alumnado sobre os riscos laborais máis habituais nos contornos de traballo de fabricación mecánica.</li> <li>O alumnado completará a tarefa anterior identificando os riscos explicados con diferentes postos de traballo do sector indicados pola profesora. Elaborará un informe que será exposto na clase acompañando de material audiovisual.</li> <li>O alumno resolverá os casos prácticos proporcionados por o profesor, identificando os riscos laborais e os danos existentes nun contorno de traballo do sector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos</li> <li>Informe sobre riscos específicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes.</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Sobre as condicións de traballo na empresa</li> <li>PE.3 - sobre os danos profesionais</li> <li>PE.4 - Sobre os tipos de danos profesionais</li> </ul>	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Avaliación de riscos no taller. - Avaliación dos factores de risco do taller elixido polo alumnado.		<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado, en grupos de 3 ou 4 persoas, levará a cabo unha avaliación de riscos da súa aula-taller, tendo en conta as probables consecuencias deses riscos, o tempo de exposición e os posibles factores de risco implicados. Cada equipo elaborará un informe que se debatirá no grupo clase.</li> <li>Cada equipo incorporará esta avaliación de riscos a un plan de prevención do taller correspondente que deberá ser realizado ao longo deste trimestre do curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>avaliación de riscos no taller</li> <li>Plan de prevención parcialmente elaborado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> <li>Fichas avaliación de riscos Xunta de Galicia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - sobre a avaliación de riscos no taller</li> </ul>	5,0
<b>TOTAL</b>						<b>16,0</b>



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Medidas de prevención e protección.	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.	SI

**4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as principais medidas de prevención e protección aplicables ante distintas situacións de risco.	1	Medidas de prevención e protección.	4,0
2.1 Identificar as sinais apropiadas para cada situación de risco.	2	A sinalización de seguridade.	2,0
3.1 Identificar o protocolo de actuación ante situacións de emerxencia e as principais técnicas de primeiros auxilios.	3	Situacións de emerxencia.	4,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.	● PE.1 - sobre as técnicas e medidas de prevención e protección.	S	50
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.	● PE.2 - Sobre os tipos de sinais de seguridade no traballo	S	10
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.	● PE.3 - Sobre os equipos de protección individual	S	20
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.	● PE.4 - sobre actuación no caso de emerxencia	S	5
CA4.5 Identifícaronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.	● PE.5 - sobre actuación no caso de emerxencia	S	5
CA4.6 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.	● OU.1 - sobre as técnicas de primeiros auxilios	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.  <b>A sinalización de seguridade.</b>
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

**4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Medidas de prevención e protección. - Identificación das principais medidas de prevención e protección aplicables ante distintas situacións de risco.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor facilitará ao alumnado un esquema dos principais riscos de traballo e as medidas de prevención e de protección oportunas, e o apoiará coa súa explicación teórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos, en equipos de 3 ou 4 alumnos resolverán supostos prácticos facilitados pola profesora, nos que deberán determinar as medidas de prevención, e de protección colectiva e individual máis adecuadas para distintas situacións de risco prantexadas por o profesor. Posteriormente farase unha posta en común.</li> <li>Os alumnos, en equipos de 3 ou 4 alumnos, proporán as medidas de prevención e protección axeitadas aos riscos presentes notaller no que desenvolven as prácticas do que fixeron con anterioridade a avaliación de riscos. Posteriormente, elaborarán un informe que terán en conta á hora de elaborar o plan de prevención do taller.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos realizados</li> <li>informe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - sobre as técnicas e medidas de prevención e protección.</li> <li>PE.3 - Sobre os equipos de protección individual</li> </ul>	4,0
A sinalización de seguridade. - Identificación das sinais apropiadas para cada situación de risco.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor facilitará unhas plantillas nas que se recollan as sinais de seguridade máis importantes, e fará unha breve explicación complementada cun vídeo do INSHT.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Suposto práctico no que o alumno tentará averiguar qué sinal é máis axeitada para cada situación (descrición e diseño).</li> <li>Identificaranse nunha actividade virtual diferentes sinais visuais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Suposto práctico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes</li> <li>PC con internet</li> <li>Plantilla de sinais visuais.</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Sobre os tipos de sinais de seguridade no traballo</li> </ul>	2,0
Situacións de emerxencia. - Identificar o protocolo de actuación ante situacións de emerxencia e as principais técnicas de primeiros auxilios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>A profesora explicará o protocolo de actuación ante situacións de emerxencias e as principais técnicas de primeiros auxilios.</li> <li>A profesora organizará unha xornada teóricopráctica sobre primeiros auxilios a celebrar no IES, a cargo de persoal de Protección Civil ou profesionais sanitarios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>o alumnado asistirá e participará na xornada de primeiros auxilios do centro. Posteriormente o profesor pasaralles un cuestionario sobre as distintas técnicas alí traballadas, para analizar os coñecementos adquiridos.</li> <li>Os alumnos localizarán as técnicas de primeiros auxilios aplicables ante distintos danos profesionais, usando un xogo-ruleta de Fremap.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionario</li> <li>Caso práctico realizado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Xornadas de primeiros auxilios</li> <li>apuntes</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - sobre as técnicas de primeiros auxilios</li> <li>PE.4 - sobre actuación no caso de emerxencia</li> <li>PE.5 - sobre actuación no caso de emerxencia</li> </ul>	4,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A planificación da prevención.	20

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer as diferentes modalidades de organización da prevención de riscos nas empresas.	1	A organización da prevención na empresa	2,0
2.1 Identificar os órganos de representación dos traballadores en materias de prevención.	2	A representación dos traballadores en materia de prevención.	2,0
3.1 Identificar os organismos públicos estatais e autonómicos con competencia en materia de prevención de riscos laborais.	3	Organismos relacionados coa prevención de riscos.	1,0
4.1 Elaborar un plan de prevención dun aula- taller onde reciban docencia.	4	O plan de prevención	15,0
<b>TOTAL</b>			<b>20</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	● OU.1 - sobre os hábitos preventivos	S	5
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.	● PE.1 - sobre a organización da prevención	S	20
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.	● PE.2 - sobre os representantes dos traballadores en materia de prevención	S	20
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	● PE.3 - sobre organismos competentes en prevención	S	10
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	● OU.2 - sobre a importancia do plan de prevención	S	5
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.	● LC.1 - sobre a planificación da prevención	S	10
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.	● LC.2 - sobre o plan de prevención	S	10
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.	● LC.3 - sobre o plan de emerxencia	S	20
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Contidos
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A organización da prevención na empresa - Recoñecemento das diferentes modalidades de organización da prevención de riscos nas empresas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor explicará as diferentes modalidades de organización da prevención de riscos na empresa, complementando a súa exposición co visionado dun vídeo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado presentará argumentos nun debate no grupo-clase sobre a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa</li> <li>Os alumnos, en equipos de 3 ou 4 membros, analizarán supostos prácticos no que deberán determinar a modalidade de organización da prevención máis conveniente, e xustificarán a súa decisión. Posterior posta en común dos supostos prácticos resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>casos prácticos resoltos</li> <li>argumentación sobre a importancia da prevención na empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - sobre o plan de emerxencia</li> <li>OU.1 - sobre os hábitos preventivos</li> <li>PE.1 - sobre a organización da prevención</li> </ul>	2,0
A representación dos traballadores en materia de prevención. - Identificación dos órganos de representación dos traballadores en materias de prevención.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor facilitará un esquema os órganos de representación dos traballadores en materia de prevención.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado, dividido en equipos de 3 ou 4 alumnos, analizará os órganos de representación das persoas traballadoras en materia de prevención. O primeiro equipo (ou os dous primeiros, se é o caso) procurará información sobre os delegados de prevención, e O segundo equipo (ou os dous restantes, se é o caso) fará o propio co comité de seguridade e saúde. Posteriormente, con preguntas aportadas por todos os equipos e pola profesora, elaborárase un cuestionario sobre os temas tratados, que será cumplimentado de xeito individual e corrixido no grupoclase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>cuestionario resolto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - sobre os representantes dos traballadores en materia de prevención</li> </ul>	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Organismos relacionados coa prevención de riscos. - Identificación dos organismos públicos estatais e autonómicos con competencia en materia de prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor facilitará ao alumnado información sobre páxinas web con relevancia en materia de prevención de riscos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos, en parellas, procurarán información en na rede sobre o INSHT e o ISSGA, e sobre outros organismos relacionados coa prevención de riscos a nivel europeo, nacional, autonómico e local. Cada parella elaborará un informe, que será posto en común no grupo-clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>informe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PC con internet</li> <li>Apuntes</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - sobre organismos competentes en prevención</li> </ul>	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O plan de prevención - Elaboración dun plan de prevención dun aula- taller onde reciban docencia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor facilitará ao alumnado un esquema co contido do plan de prevención e do plan de emerxencia e evacuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividade de valoración da importancia da existencia dun plan preventivo na empresa: Os alumnos debatirán sobre a importancia ou non da existencia dun plan de prevención na empresa, divididos en dous equipos: un a favor e outro en contra da importancia do plan. Ao remate do debate, cada equipo presentará un informe coas conclusións ao profesor</li> <li>O alumnado, en equipos dun máximo de 4 compoñentes, elaborará o plan de prevención do taller de prácticas, no que incluírán:                     <ul style="list-style-type: none"> <li>Determinación dos obxectivos do plan de prevención e da integración da prevención, especificando as responsabilidades e funcións de todos os niveis xerárquicos en materia de prevención.</li> <li>Elección e xustificación da modalidade organización da prevención elixida.</li> <li>Determinación dos mecanismos de participación e consulta dos traballadores.</li> <li>Identificación e avaliación de riscos, previa descrición de actividades e instalacións.</li> <li>Planificación das medidas de prevención e protección colectiva e individual.</li> <li>Determinación das accións de formación e información sobre riscos. Inclusión dun plan de emerxencia e evacuación, identificando o protocolo de actuación en caso de emerxencia.</li> <li>Definición das medidas de control e revisión do plan de prevención.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>plan de prevención</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>apuntes</li> <li>esquema</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - sobre a planificación da prevención</li> <li>LC.2 - sobre o plan de prevención</li> <li>LC.3 - sobre o plan de emerxencia</li> <li>OU.2 - sobre a importancia do plan de prevención</li> </ul>	15,0
<b>TOTAL</b>						<b>20,0</b>

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O dereito do traballo: normas fundamentais.	6

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación 1 O Dereito do Traballo. 3,0 do Dereito do traballo, así como dos órganos encargados de velar pola súa aplicación.	1	O dereito laboral	5,0
2.1 Identificar os dereitos e obrigas das persoas traballadoras e empresarias	2	Dereitos e obrigas derivados da relación laboral	1,0
<b>TOTAL</b>			<b>6</b>

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre as fontes e principios do dereito laboral</li> </ul>	S	60
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Sobre os organismos administrativos e xudiciais que interveñen nas relacións laboraislaborías e sobre os órganos xudiciais</li> </ul>	S	10
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Sobre os dereitos e deberes do traballador e potestades do empresario</li> </ul>	S	30
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

**4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O dereito laboral - Identificación do ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación 1 O Dereito do Traballo. 3,0 do Dereito do traballo, así como dos órganos encargados de velar pola súa aplicación.		<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado visionará un vídeo sobre os antecedentes do dereito do traballo. A continuación farase unha breve reflexión no grupo clase.</li> <li>O profesor explica as normas do Dereito do Traballo, o seu ámbito de aplicación e os principios de aplicación.</li> <li>O alumnado completará un crucigrama a través da aula virtual sobre normas laborais básicas.</li> <li>O alumnado realizará exercicios na aula virtual de confirmación do aprendido sobre as normas laborais básicas</li> <li>O profesor facilitará ao alumno un esquema dos órganos que velan pola aplicación do Dereito Laboral, no que se relacionen as competencias de cada órgano xudicial.</li> <li>Os alumnos responderán a un cuestionario facilitado pola profesora con preguntas teóricas e exercicios prácticos sobre os aspectos explicados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionario resolto</li> <li>Crucigrama cumplimentado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre as fontes e principios do dereito laboral</li> <li>PE.2 - Sobre os organismos administrativos e xudiciais que interveñen nas relacións laboraislaborias e sobre os órganos xudiciais</li> </ul>	5,0
Dereitos e obrigas derivados da relación laboral - Identificación dos dereitos e obrigas das persoas traballadoras e empresarias	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor facilitará os artigos 4 e 5 do TRLET</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado, en equipos de 3 ou 4 traballadores, lerán os artigos relativos a dereitos e deberes e indicarán unha situación práctica que exemplifique o exercicio de cada un deles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Caso práctico realizado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes</li> <li>PC con internet</li> <li>Artigos TRLET</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Sobre os dereitos e deberes do traballador e potestades do empresario</li> </ul>	1,0
<b>TOTAL</b>						<b>6,0</b>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O tempo de traballo e a súa retribución.	10

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar a clasificación e a promoción profesional.	1	A clasificación profesional	1,0
2.1 Analizar as disposicións legais en materia de tempo de traballo e descansos.	2	O tempo de traballo	3,0
3.1 Identificar os conceptos retributivos dun traballador, as garantías de cobro do salario e confeccionar a folha de salarios.	3	A retribución	6,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.			0
CA2.3.1 Identifícanse as principais condicións dun contrato: clasificación profesional, tempo de traballo e retribución.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - sobre clasificación profesional, tempo de traballo e retribución</li> </ul>	S	50
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Sobre os medidas de conciliación en relación ao tempo de traballo</li> </ul>	S	25
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - sobre a folha de salarios</li> </ul>	S	25
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Análise da relación laboral individual.  Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.  A clasificación profesional.  O tempo de traballo.  A retribución: a nómina.

**4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
En que vou traballar? - Análise do sector profesional do título acadado, para tomar decisións sobre o futuro máis inmediato	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A profesora, coa axuda da web <a href="http://www.edu.xunta.es/fp">www.edu.xunta.es/fp</a> guiará ao alumnado para localizar as competencias e as capacidades requiridas aos titulados como técnicos superiores en fabricación mecánica.</li> <li>• A profesora explicará ao alumno a posibilidade de crear o seu propio negocio.</li> <li>• A profesora explicará as posibilidades de ingreso na administración pública e guiará ao alumno na localización dunha oferta de emprego público, para analizar a convocatoria.</li> <li>• A profesora fará unha breve explicación sobre a transcendencia e a importancia de participar nos programas de formación permanente, e lles explicará a diferenza entre formación regrada, ocupacional e continua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumno localizará as ocupacións que actualmente teñen máis saídas profesionais, procurando información en internet. Posterior debate sobre as saídas profesionais co título acadado.</li> <li>• O alumno localizará as cualificacións profesionais e as competencias e as capacidades requiridas aos titulados en fabricación mecánica, como punto de partida para a toma de decisión sobre o seu futuro profesional.</li> <li>• Coa información da tarefa anterior, o alumno indicará a formación necesaria para mellorar as posibilidades de inserción laboral.</li> <li>• O alumnado realizará un esquema resumo das vantaxes e inconvenientes de ser o seu propio empresario.</li> <li>• O alumnado localizará a última oferta de emprego público da comunidade galega e fará un estudo da mesma.</li> <li>• O alumnado coa axuda de distintas páxinas web, localizará distintas ofertas formativas relacionadas co perfil profesional do título de técnico superior en fabricación mecánica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informe sobre saídas profesionais</li> <li>• Informe sobre autoemprego</li> <li>• Convocatoria de emprego público analizada.</li> <li>• Oferta formativa do seu sector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>• Pc con acceso a internet.</li> <li>• Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.2 - Sobre os tipos de formación profesional</li> <li>• OU.3 - Sobre a formación e o emprego en Europa</li> <li>• OU.4 - sobre a non discriminación no emprego</li> <li>• OU.6 - Sobre as competencias e capacidades requiridas para a actividade profesional</li> <li>• OU.7 - Sobre as fontes de emprego</li> <li>• OU.9 - Sobre o autoemprego</li> </ul>	2,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Técnicas de procura de emprego. - Coñecemento e posta en práctica de técnicas e instrumentos de procura de emprego.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor presentará unha oferta de emprego para que os seus alumnos resposten a ela e participen na entrevista de selección na que o profesor ou outro compañeiro participará asumindo o papel de entrevistador.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sondaxe entre o alumnado sobre os lugares aos que acudiría para atopar emprego.</li> <li>A profesora, interactuando co alumnado, explicará o proceso a seguir para atopar emprego e os instrumentos a empregar</li> <li>O alumnado identificará a estrutura e contido dunha carta de presentación e do curriculum vitae empregando recursos audiovisuais</li> <li>O alumnado visualizará un vídeo sobre busca de emprego, empregando a web <a href="http://www.edu.xunta.es/fp/orientaciónprofesional">www.edu.xunta.es/fp/orientaciónprofesional</a>, así como outras páxinas web de interese.</li> <li>En base a oferta de traballo formulada por o profesor, o alumno redactará a carta de presentación, o CV e participará nunha entrevista de selección simulada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Carta de presentación e Curriculum Vitae confeccionado.</li> <li>Entrevista simulada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>Pc con acceso a internet.</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.8 - sobre técnicas e instrumentos para a búsqueda de emprego</li> </ul>	4,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

**4.12.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
12	Equipos de traballo.	6

**4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.12.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as diferenzas entre grupo e equipo de traballo, e das vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo.	1	O traballo en equipo.	1,0
2.1 Analizar os factores que determinan a eficiencia do equipo de traballo (comunicación axeitada, asunción responsable de roles..).	2	A eficiencia do equipo de traballo.	3,0
3.1 Identificar as causas, características, tipos e fases dos conflitos que poden xurdir no equipo de traballo, e dos procedementos de solución, con especial atención á negociación.	3	O conflito e a súa resolución.	2,0
<b>TOTAL</b>			<b>6</b>

**4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica. e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.	● PE.1 - Sobre as vantaxes do equipo de traballo fronte ao traballo individual	S	15
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.	● PE.2 - Sobre as características do equipo de traballo eficaz	S	15
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.	● PE.3 - Sobre os roles no equipo de traballo	S	15
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.	● PE.4 - Sobre as técnicas de comunicación no equipo	S	15
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.	● PE.5 - Sobre os procedementos para a resolución de conflitos	S	15
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.	● PE.6 - Sobre a toma de decisións no equipo de traballo	S	15
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.	● PE.7 - Sobre os obxectivos dun equipo de traballo eficaz	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.12.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da fabricación mecánica segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.

Contidos
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflicto: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O traballo en equipo. - Identificación das diferenzas entre grupo e equipo de traballo, e das vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor explica brevemente o concepto de equipo de traballo, as diferenzas entre grupo e equipo de traballo e as vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos, en parellas, resolverán un cuestionario con supostos prácticosno que deben: identificar a existencia dun grupo ou dun equipo de traballo en diferentes situacións propostas polo profesor; en determinar a conveniencia de traballar de xeito individual ou en equipo, analizando as vantaxes e os inconvenientes de cada opción en diferentes situacións propostas polo profesor. Posterior posta en común dos supostos prácticos resoltos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cuestionario resolto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>PC con internet.</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Sobre as vantaxes do equipo de traballo fronte ao traballo individual</li> </ul>	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A eficiencia do equipo de traballo. - Análise dos factores que determinan a eficiencia do equipo de traballo (comunicación axeitada, asunción responsable de roles..).	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor facilitará un esquema cos diferentes roles nun equipo de traballo no que se especificarán as súas características.</li> <li>A profesora facilitará recursos para traballar a comunicación dentro do equipo: Modelo dos documentos escritos máis empregados. Esquema con indicacións sobre a comunicación eficiente, complementado con material audiovisual.</li> <li>O profesor facilitará ao alumnado un texto que recolla diferentes técnicas de dinámica de grupo, cunha breve descrición das súas características e os obxectivos que persigue .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado procurará información sobre a eficiencia no equipo de traballo, e elaborará un informe que exporá no grupo-clase coa axuda de material audiovisual.</li> <li>Actividade prácticas sobre o papel dos individuos no equipo: O alumnado, en equipos de 3 ou 4 membros, identificará os distintos roles dos membros dun equipo de traballo en situacións simuladas facilitadas pola profesora. Posta en común das situacións analizadas no grupo-clase.</li> <li>Actividades prácticas sobre a eficiencia do equipo de traballo, no que o alumnado debe asumir responsablemente o rol asignado e empregar eficazmente as técnicas de comunicación: Dividirase ao alumnado en 3 equipos para simular unha reunión de traballo. No primeiro, cada un dos membros representará un rol asignado polo profesor; os membros do segundo equipo analizarán as barreiras comunicativas existentes na reunión e proporán medidas correctoras; e os membros do terceiro equipo analizarán a preparación e o desenvolvemento da reunión, identificando os problemas plantexados e propoñendo solucións.</li> <li>Os alumnos formarán equipos de 4 a 6 membros, e cada equipo aplicará unha dinámica de grupo para fomentar a participación, tomar decisións ou planificar tarefas en diversas situacións propostas polo profesor. Cada equipo presentará un informe ao profesor coa técnica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>PC con internet.</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Sobre as características do equipo de traballo eficaz</li> <li>PE.3 - Sobre os roles no equipo de traballo</li> <li>PE.4 - Sobre as técnicas de comunicación no equipo</li> <li>PE.6 - Sobre a toma de decisións no equipo de traballo</li> <li>PE.7 - Sobre os obxectivos dun equipo de traballo eficaz</li> </ul>	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		elixida, a xustificación desta decisión, o procedemento seguido e o resultado acadado.				
O conflito e a súa resolución. - Identificación das causas, características, tipos e fases dos conflitos que poden xurdir no equipo de traballo, e dos procedementos de solución, con especial atención á negociación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>O profesor facilitará ao alumnado un esquema sobre os conflitos no equipo de traballo, no que se relacionarán os tipos de conflitos, as causas, as características e as diferentes fases, e dos diferentes procedementos de resolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado, en equipos de 3 ou 4 membros, analizará distintas situacións de traballo nas que ten xurdido ou pode xurdir un conflito, e identificará a natureza dese conflito, as súas causas e características, e as súas etapas. Posta en común das situacións analizadas.</li> <li>Actividade práctica de negociación: Dividirase ao alumnado en 2 equipos, que representan á parte empresarial e á parte social que negocian o convenio colectivo de empresa. Nese proceso negociador, xurde unha discrepancia sobre as condicións económicas dos traballadores. Os equipos deben afrontar o proceso de resolución do mesmo mediante a negociación. Cada equipo elaborará un plan de negociación, asignará os roles aos seus compoñentes e porá en práctica o plan para tratar de chegar a un acordo que poña fin ao conflito. Cada equipo entregará o plan de negociación deseñado ao profesor para a súa valoración. No plan especificaranse os obxectivos, roles e estratexias a empregar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Casos prácticos resoltos</li> <li>Plan de negociación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>Esquema de conflitos e procedementos de solución.</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Sobre os procedementos para a resolución de conflitos</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>6,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para a avaliación do módulo valoraranse a realización das actividades propostas e a resolución dos cuestionarios e supostos prácticos plantexados pola profesora, e a realización e entrega en prazo do plan de prevención no primeiro trimestre.

A avaliación completárase cunha proba escrita, ao final de cada trimestre, que constará de casos prácticos sinxelos e preguntas cortas ou tipo test, formuladas de xeito que permitan comprobar o grado de comprensión do alumnado respecto das ensinanzas impartidas. Esta proba pode ir precedida doutras que se realizarán ao remate de cada unidade de traballo.

A nota final virá determinada, nun 10%, polo traballo diario, as actividades, cuestionarios e casos prácticos resoltos; e nun 90% pola puntuación obtida nas probas realizadas en cada trimestre.

Na unidade formativa 1, relativa á prevención de riscos laborais, o plan de prevención elaborado polos alumnos terá o mesmo valor cas probas escritas.

Se na realización dunha proba escrita o alumno desenvolve conductas pouco éticas (copiar), entregará o escrito á profesora e só se valorará o feito ata ese momento.

Cando se fagan varias probas escritas ao longo do trimestre, deberá acadarse unha nota mínima de 4 para poder facer media entre as notas das distintas probas; se nunha mesma proba escrita se valoran varios resultados de aprendizaxe será necesario acadar unha media dun catro en cada un deles. Igualmente deberá acadarse unha nota mínima de 4 no plan de prevención para que poda facer media coa proba escrita correspondente.

En todo caso, requírese obter unha puntuación de 5 para superar o módulo.

Para aqueles alumnos que non acaden a nota mínima, farase un exame de recuperación en cada trimestre, e se concederá un prazo para a revisión e mellora do plan de prevención.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para os/as alumnos/as que non acaden os mínimos sinalados na presente programación, farase un exame final, que constará de preguntas teóricas curtas ou tipo test e casos prácticos relativos ao contido impartidos en todas as unidades didácticas, debendo cada alumno/a responder unicamente ás que corresponden ás partes non superadas. Ademais, deberán, no seu caso, revisar e mellorar o plan de prevención de riscos da aula- taller elixida.

Para os alumnos que pasen ao 2º curso co módulo pendente, programaranse actividades de recuperación e realizarase unha ou varias probas escritas, nos que cada alumno se presentará a aquelas referidas aos resultados de aprendizaxe non acadados segundo o reflectido no correspondente informe individualizado.

Para os alumnos que, finalizado o 2º curso, non accedan á FCT e continúen co módulo pendente, se desenvolverán sesións de recuperación nas que se realizarán actividades e se resolverán as dúbidas que xurdan, e se realizarán unha ou varias probas escritas.

As actividades de recuperación programadas son as seguintes:

- Explicación e/ou resolución de dúbidas dos contidos básicos das unidades de traballo
- Entrega de cuestionarios relativos aos contidos fundamentais de cada unidade
- Resolución de casos prácticos sinxelos e elaboración, no seu caso, dun plan de prevención dun taller do Centro.

Estos alumnos asistirán ao centro dúas sesións semanais no terceiro trimestre do 2º curso, para a corrección das actividades programadas, a resolución de dúbidas e a realización das probas previstas.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para os alumnos que perdan o dereito de avaliación continua levarase a cabo unha proba escrita sobre os contidos do módulo que constará de preguntas teóricas e casos prácticos. Igualmente, esixiráselle a presentación do plan de prevención de riscos dunha aula taller na que reciban docencia, nos mesmos termos que os presentados polos seus compañeiros.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Dado que no proceso de ensino-aprendizaxe é preciso levar a cabo un control periódico, para verificar que os obxetivos prantexados inicialmente se van cumprindo tal e como se deseñaron, e, de non ser así, analizar as causas do incumprimento e adoptar as medidas precisas, resulta lóxico que o documento base deste proceso resulte avaliado.

Para eso o Departamento reunirse, tal e como a normativa esixe, cunha periodicidade mínima mensual para ir analizando en que medida se cumpren os obxetivos, e tomará as medidas correctoras no caso contrario. Esta análise será máis profunda despois de cada avaliación e xa con resultados.

Ao remate do curso resumiranse as principais desviacións producidas e as distintas medidas adoptadas na memoria final. Estas conclusións serán básicas para a elaboración da programación do curso seguinte.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase ao alumnado unha enquisa-avaliación previa, coa intención de apreciar o nivel de coñecemento que posúen respecto ós contidos que integran o módulo FOL. Esta avaliación permitirá determinar o punto de partida no proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais desa enquisa, a observación directa permitirá detectar a existencia de alumnado con necesidades educativas especiais.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que o precise, adoptaranse medidas de reforzo que serán consensuadas e coordinadas co Departamento de Orientación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Trataranse directamente:

- O traballo en equipo. Ademais de ser o contido dunha unidade didáctica, ao longo do curso realizaranse en equipo moitas das actividades programadas.

Trataranse de forma transversal:

- A igualdade de trato e non discriminación.
- Os dereitos humanos.
- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.
- O fomento do espírito emprendedor.
- A importancia do crecemento sostible, da protección do medio ambiente.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas para este curso, que se desenvolverán sempre que a situación sanitaria o permita, serán:

- Xornada sobre primeiros auxilios impartida no Centro por responsables de protección civil ou da administración sanitaria.
- Xornada sobre orientación laboral impartida no Centro para facilitar a inserción laboral do alumnado.

## 10.Outros apartados

### 10.1) ENSINO NON PRESENCIAL

#### ENSINO NON PRESENCIAL

No suposto de que por razóns sanitarias as autoridades educativas decidan nalgún momento o ensino non presencial os resultados de aprendizaxe, os contidos e as actividades seguirán sendo as mesmas pero por vía telemática. Por este motivo, desde o comenzo do curso todos os contidos e actividades figurarán na aula virtual do centro e o alumnado será instruído no seu uso.

Os recursos telemáticos que se empregarán serán:

- aula virtual do centro.
- webex
- arquivos power point, pdf
- enlaces a webs de interese na materia.
- vídeos de interese.
- aplicacións tales coma audacity para facer grabacións das explicacións da materia.
- kahoots
- correo electrónico.
- cuestionarios feitos na aula virtual ou google forms
- outros recursos que xurdan en cada momento e resulten de aplicación práctica no módulo.

A metodoloxía de traballo será a seguinte:

- Explicación do tema con vídeos/ audios, power-point e pdf e tamén usando as videoconferencias coa aplicación webex.
- Realización e corrección dos exercicios relacionados co explicado
- proba final práctica usando un cuestionario o un documento a través da aula virtual.

### 10.2) ENSINO NON PRESENCIAL: CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

#### 10.2 CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION EN ENSINO NON PRESENCIAL

Aplicaranse os mesmos criterios de avaliacion previstos na programación para o ensino non presencial pero adaptados á formación online.

Os instrumentos de avaliacion que se empregaran serán:

- Proba escrita individualizada para cada alumno a través da aula virtual.
- Resolución de cuestionarios da aula virtual ou de google form
- Participación nos diferentes Kahoots prantexados.
- Participación nas preguntas de debate lanzadas telemáticamente.
- Participación nas videoconferencias.



**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0169	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL MACEIRAS FORMOSEL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Módulo EIE contribuirá a que o alumnado poda recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa, e teña iniciativa emprendedora na súa actividade profesional con sentido da responsabilidade social. Este módulo contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar o seguinte obxectivo xeral do ciclo formativo:

n) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado para crear e xestionar unha pequena empresa.

E contribúe a alcanzar as seguintes competencias do ciclo formativo:

l) Crear e xestionar unha pequena empresa, e realizar un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.

m) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e de responsabilidade.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0169_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Iniciativa emprendedora.	Análise das cualidades dun emprendedor, da motivación para emprender e da idea innovadora como punto de partida para emprender. Estructura do proxecto empresarial	5	10	X			
2	A empresa e o seu entorno	Estudo da empresa, do contorno xeral e específico, e da responsabilidade social.	7	10		X		
3	Creación e posta en marcha dunha empresa	Análise das formas xurídicas de empresa e dos trámites para a súa creación e posta en marcha, e concreción nun plan de empresa.	9	15			X	
4	Planificación e organización dunha empresa.	Estudo da organización dos recursos materiais e persoais da empresa, e plasmación nun proxecto empresarial.	5	10		X		
5	O plan de marketing	Estudo das estratexias de marketing, e plasmación nun plan de empresa.	5	15		X		
6	A xestión financeira.	Análise da viabilidade económica e financeira dunha empresa e concreción nun plan de empresa.	18	15				X
7	A xestión administrativa.	Documentos relacionados ca actividade empresarial	8	15				X
8	A fiscalidade da empresa	Análise dos principais impostos que gravan a actividade empresarial.	6	10				X
Total:			63					

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora.	5

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

##### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar a cultura empresarial na UE, en España e Galicia	1	A cultura empresarial	1,0
2.1 Recoñecer as cualidades persoais e profesionais dun emprendedor, as vantaxas e inconvenientes de emprender e o papel do emprendedor na sociedade.	2	O emprendedor	1,0
3.1 Identificar o concepto de innovación empresarial, e a súa importancia para o crecemento económico.	3	A innovación	1,0
4.1 Identificar as fontes de xeración de ideas, o procedemento de maduración e de avaliación da idea como punto de partida para a tomar a decisión de emprender.	4	A idea	1,0
5.1 Analizar o contido e a estrutura dun plan de empresa, e a súa importancia e utilidade como paso previo para a posta en marcha dunha empresa.	5	O plan de empresa	1,0
<b>TOTAL</b>			<b>5</b>

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.	● OU.1 - A innovación.	S	10
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.	● OU.2 - Sobre a cultura emprendedora	S	10
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na <u>actividade emprendedora</u> .	● OU.3 - Sobre o empresario individual	S	10
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da fabricación mecánica.	● OU.4 - Sobre as características das actividades emprendedoras	S	10
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.	● OU.5 - Sobre o risco empresarial	S	10
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.	● OU.6 - Sobre a idea de negocio	S	10
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da fabricación mecánica, que ha servir de punto de partida para a elaboración do <u>proxecto empresarial</u> .	● LC.1 - Sobre o plan de empresa	S	30
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.	● OU.7 - Sobre a estrutura do proxecto empresarial	S	10
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de fabricación mecánica (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).  A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.  Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.  A actuación das persoas emprendedoras no sector da fabricación mecánica.  O risco como factor inherente á actividade emprendedora.  Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.  Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.  Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da fabricación mecánica.

**4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
A cultura empresarial - Análise da cultura empresarial na UE, en España e Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>A profesora, interactuando cos alumnos, introduce o concepto de cultura emprendedora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos leen artigos facilitados pola profesora sobre a cultura emprendedora no noso país e noutros con maior cultura emprendedora, e elaboran un informe comparativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>Artigos de prensa.</li> <li>PC con internet.</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.2 - Sobre a cultura emprendedora</li> </ul>	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O emprendedor - Recoñecemento as cualidades persoais e profesionais dun emprendedor, as vantaxas e inconvenientes de emprender e o papel do emprendedor na sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>A profesora, previo visionado de vídeos ou artigos de prensa sobre emprendedores, e interactuando cos alumnos, explica o concepto de emprendedor, as cualidades profesionais e persoais que debe reunir, e as vantaxes e inconvenientes de emprender, facendo especial fincapé no risco inherente á actividade empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado respostará a preguntas orais relativas ás cualidades dun emprendedor, á motivación para emprender e ás características das actividades emprendedoras no sector.</li> <li>Os alumnos procurarán en internet información sobre un emprendedor proposto pola profesora ou elixido por eles, e farán unha ficha na que analizarán as súas principais cualidades e as razóns que o levaron a emprender. Posteriormente haberá unha posta en común no grupo-clase e cada alumno entregará a súa ficha á profesora para ser valorada.</li> <li>Os alumnos, accedendo a alguna páxina web facilitada polo profesor ou seleccionada por eles, cubrirán unha ferramenta denominada test do emprendedor, e determinarán se as súas características coinciden coas que debe ter un emprendedor. Posteriormente, exporán as súas conclusións no grupo-clase.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe sobre emprendedores</li> <li>Cuestionario .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes.</li> <li>Artigos ou biografías de emprendedores.</li> <li>PC con internet</li> <li>Aula virtual</li> <li>Vídeos sobre emprendedores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.3 - Sobre o empresario individual</li> <li>OU.4 - Sobre as características das actividades emprendedoras</li> <li>OU.5 - Sobre o risco empresarial</li> </ul>	1,0
A innovación - Identificación do concepto de innovación empresarial, e a súa importancia para o crecemento económico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>A profesora explicará o concepto e os tipos de innovación, e a súa importancia para o desenvolvemento económico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumno respostará a preguntas teóricas relativas á innovación empresarial e resolverá supostos prácticos sinxelos nos que debe identificar o tipo de innovación introducida en diferentes empresas.</li> <li>O alumnado elaborará un informe relativo ás principais características da innovación no sector de fabricación mecánica (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Preguntas e casos prácticos resoltos.</li> <li>Informe sobre a innovación no sector.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Apuntes facilitados pola profesora.</li> <li>PC con internet.</li> <li>Aula virtual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - A innovación.</li> </ul>	1,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
